





# Apúntate!

Inscrición aberta do 28 de outubro ao 12 de decembro de 2026. É gratuíta.

**1** **Rexístrate na páxina da jam en itch.io**

[https://itch.io/jam/dende-o-galego-con-humor-2026]

**2** **Envía un correo electrónico con información a:**

fundacioncarloscasares@fundacioncarloscasares.org

- Nome e perfil de itch.io do equipo.
- Nomes e apelidos dos seus compoñentes e teléfono de contacto.
- Autorización de uso da imaxe de cada membro do equipo.

Bases completas, novidades, e entregas na páxina da jam en itch.io e nas redes sociais da Fundación Carlos Casares.

Dúbidas, suxestións e comentarios:
**fundacioncarloscasares@fundacioncarloscasares.org**

Organiza: Fundación Carlos Casares

Patrocinan: Xunta de Galicia · Deputación Pontevedra · Deputación da Coruña

Colaboran: Videoxogo.gal · Universidade de Vigo · Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) · Máster Universitario Excelente da Xunta de Galicia · Culturgal

## III GAME JAM - FUNDACIÓN CARLOS CASARES

# Dende o galego, con humor (2026)

Dúas semanas para crear un videoxogo en galego.
Se nos fas rir, mellor.

**Inscrición gratuíta!**

**Do 29 novembro ao 12 decembro de 2026**




Fundación Carlos Casares

## COMO FUNCIONA

# Da idea ao videoxogo en catro sinxelos pasos

**1**

### Fai equipo ou compite só. Trátase de pasalo ben

- De 1 a 3 persoas maiores de 18 anos.
- Polo menos unha ten que residir en España.
- Programación, arte, deseño, música, guión…todos os perfís suman.

**2**

### Inscríbete de balde! Participar compensa

- Do 28 de outubro ao 12 de decembro (si, ata o último día!).
- Na páxina da jam en itch.io e por correo electrónico (+ formulario).
- Haberá sorpresas para os equipos que se apunten.

**3**

### Descubre o tema (ou temas ;) e dálle ao coco...

- Revelarase o 29 de novembro na web da game jam.
- Dende ese momento, toca poñerse mans á obra e crear!

**4**

### Entrega o xogo, xoga o resto de propostas... E sorte!

- Ata o 12 de decembro ás 23:59 horas en itch.io.
- Formato web (html5) ou Windows.
- Sempre con opción en galego (polo menos).

## REGRAS DE OURO!

- Todo se crea durante a jam.
- Nada de IA xenerativa.
- Se usas recursos alleos: creados antes da jam, só con licenza e citados nos créditos.
- Un xogo por equipo, cada persoa só pode participar nun equipo.
- Contido lícito e non ofensivo. Tamén respecto e profesionalidade. E divertirse!





## QUE HAI EN XOGO NA EDICIÓN DE 2026

# **600 €** en premios… e un **empurrón**!

**1º PREMIO**

**300 €**

e cota 1 ano Videoxogo.gal

**2º PREMIO**

**200 €**

e cota 1 ano Videoxogo.gal

**3º PREMIO**

**100 €**

e cota 1 ano Videoxogo.gal

### Difusión para todos os equipos que presenten xogo!

Ficha en Xogalego e noutras plataformas, difusión pola fundación e en prensa, aparición en redes sociais, espazos especializados, presentación en feiras...

### Dous xogos irán máis lonxe...

Premio impulso x 2

O xurado escollerá os dous videoxogos máis relevantes culturalmente. Durante 2027 terán a opción de gozar dos seguintes servizos totalmente de balde:

- Cota de Steam Direct
- Capsule art profesional (Steam)
- 5 horas de asistencia de produción
- Alta e cota 2027 en Videoxogo.gal
- Corrección e localización ao inglés
- Espazo en feiras e eventos para presentar o xogo
- Ata 100 € para desprazamentos a feiras e eventos indie (Galicia)
- ...

## QUE VAI VALORAR O XURADO?

**Tema** · **Narrativa e lingua** · **Estética** · **Xogabilidade e accesibilidade** · **Orixinalidade** · **Conxunto**

**O humor suma puntos :P**